



004113 / 011184

Número de Notificación: 12804

CLUB PEÑA TREVINCA
O BARCO,
O BARCO DE VALDEORRAS (O)
OURENSE

NOTIFICACIÓN

Asunto: 17 ANDAINA E TRAIL DE OUTONO- 12 NOVEMBRO 2023

Expediente: 2023/DEP000000023

A través da presente notificación ponse no seu coñecemento o decreto da Alcaldía do Concello do Barco de Valdeorras do 28 de 08 de 2023 que transcribo literalmente a continuación:

“DECRETO NÚMERO 00002433 DE 2023

DECRETO DA ALCALDÍA DE AUTORIZACIÓN DE PROBA DEPORTIVA “ 17ª ANDAINA E TRAIL DE OUTONO” QUE TRANSCORRE POLO TÉRMINO MUNICIPAL DO CONCELLO DO BARCO DE VALDEORRAS

Antecedentes

1 Presentouse escrito por parte de D. José Miguel de la Cal González, DNI 09266527B en calidade de presidente Club Peña Trevinca Barco con CIF G32022626 e domicilio en O Barco de Valdeorras, neste Concello con data 13/07/2023 e número de rexistro 202300008766, no que se solicita autorización sobre a proba deportiva “17ª ANDAINA E TRAIL DE OUTONO” a celebrar o día 12 de novembro de 2023 organizado polo Club Peña Trevinca Barco.

2 Emitiuse informe pola Policía Local con data 25/08/2023.

Consideracións legais e técnicas

1ª O Decreto 98/2020, do 2 de xullo, regula o procedemento de autorización da celebración de espectáculos públicos e actividades recreativas que se desenvolvan en máis dun termo municipal da Comunidade Autónoma de Galicia.

2ª O devandito decreto resulta de aplicación a todo tipo de espectáculos públicos e actividades recreativas incluídos no ámbito de aplicación da Lei 10/2017, do 27 de decembro, que se desenvolvan en máis dun termo municipal da Comunidade Autónoma de Galicia. En particular: d) Probas deportivas: toda actividade cuxo obxecto sexa competir en espazo ou tempo por vías ou terreos públicos, de uso común ou privados, que sexan utilizados por unha colectividade indeterminada de persoas usuarias, tanto urbanos como interurbanos.

3ª De conformidade co artigo 8.1.k) será preciso o informe dos concellos nos que se desenvolva o espectáculo público ou a actividade recreativa, acerca da súa viabilidade.

4ª Sinala no artigo 2 do Real Decreto 1428/2003, do 21 de novembro, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Circulación para a aplicación e desenvolvemento do texto articulado da Lei



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E7000801D900U4F6G4V6O3G6 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA

JESÚS TALLÓN GARCÍA-Adxunto a Secretaría - 28/08/2023
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 28/08/2023 13:10:57
[-RR.DD.-] REGISTRO DE DOCUMENTOS SALIDA 000000002 2023 8515 - 28/08/2023 13:11

SALIDA: 20238515
Fecha: 28/08/2023
Hora: 13:11
Und. reg:000000002

CSV: 07E7000801D900U4F6G4V6O3G6



sobre tráfico, circulación de vehículos de motor e seguridade viaria, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 339/1990, do 2 de marzo:

Artigo 2. Tramitación das solicitudes de autorización.

A tramitación para solicitar a autorización das probas deportivas por parte da autoridade gubernativa correspondente será a seguinte:

1. Competencias. A competencia para expedir a autorización para celebrar unha proba deportiva corresponderá:

- a) Ao organismo autónomo Xefatura Central de Tráfico, cando o percorrido da proba desenvólvese por vías de máis dunha comunidade autónoma.
- b) *Á comunidade autónoma correspondente* e ás Cidades de Ceuta e Melilla, cando a proba desenvólvese integramente por vías situadas dentro do seu ámbito territorial.
- c) Ao concello, cando a proba desenvólvese integramente dentro do centro urbano, con exclusión das travesías.

2. Informes.

- a) *Do titular da vía*: os organismos titulares das vías polas que vaian discorrer as probas deportivas emitirán informe sobre a súa viabilidade.
- b) Do organismo autónomo Xefatura Central de Tráfico: cando a competencia para autorizar as probas estea atribuída a unha comunidade autónoma, esta solicitará informe das Xefaturas de Tráfico das provincias por cuxo territorio discorran, e, no caso de que a competencia estea atribuída ás Cidades de Ceuta ou de Melilla, estas solicitarán informe da Xefatura Local de Tráfico, sempre que a vixilancia e regulación do tráfico estea atribuída á Administración Xeral do Estado. Nas comunidades autónomas que teñan transferida a competencia de execución en materia de vixilancia da circulación, o informe solicitarase ao órgano que a exerza. Os informes fixarán os servizos de vixilancia.
- c) Os informes previstos nos parágrafos a) e b) terán carácter vinculante cando se opoñan á realización da proba deportiva ou a condicionen ao cumprimento de determinadas prescricións técnicas.

3. Documentación.

A solicitude de autorización especial para celebrar probas deportivas presentarse dirixida ao órgano competente con, polo menos, 30 días de antelación, acompañada dos seguintes documentos:

- a) Permiso de organización expedido pola federación deportiva correspondente, cando así o esixa a lexislación deportiva.
- b) Memoria da proba no que se fará constar:

1.º Nome da actividade e, no seu caso, número cronolóxico da edición.

2.º Regulamento da proba.

3.º Esbozo preciso do percorrido, data de celebración, itinerario, perfil, horario probable de paso polos distintos puntos determinantes do percorrido e media previsto tanto da cabeza da proba como do peche desta.

4.º Identificación dos responsables da organización, e concretamente do director executivo, e do responsable de seguridade viaria, que dirixirá a actividade do persoal auxiliar habilitado.

5.º Número aproximado de participantes previstos.

6.º Proposición de medidas de sinalización da proba e do resto dos dispositivos de seguridade previstos nos posibles lugares perigosos, así como a función que deba desempeñar o persoal auxiliar habilitado, todo iso mediante informe detallado e que será comunicado no seu momento polo responsable da seguridade viaria da proba ou as forzas da orde ao persoal responsable da vixilancia destes puntos conflictivos. O responsable de seguridade viaria da



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E7000801D900U4F6G4V6O3G6 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA

JESÚS TALLÓN GARCÍA-Adxunto a Secretaría - 28/08/2023
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 28/08/2023 13:10:57
[-RR.DD.-] REGISTRO DE DOCUMENTOS SALIDA 000000002 2023 8515 - 28/08/2023 13:11

SALIDA: 20238515

Fecha: 28/08/2023

Hora: 13:11

Und. reg:000000002

CSV: 07E7000801D900U4F6G4V6O3G6



proba deberá coñecer as normas de circulación, para o que deberá posuír permiso de condución en vixencia. As autoridades competentes redactarán unha instrución específica que conterá nocións básicas sobres regulación de tráfico, e cuxo contido será de obrigado coñecemento para o responsable de seguridade viaria da proba.

7.º Xustificante da contratación dos seguros de responsabilidade civil e de accidentes aos que se refire o artigo 14 deste anexo.

4. Resolución. A autoridade competente ditará e notificará a resolución no prazo de 10 días hábiles desde a presentación da solicitude. Transcorrido este prazo sen que se ditou a resolución, entenderase concedido o permiso para a organización da proba. Contra a resolución poderán interpoñerse os recursos que procedan. A resolución que se dite fixará os servizos de vixilancia, cuxo custo correrá a cargo dos organizadores da proba.

5ª Emitiuse informe pola Policía Local, no que o Xefe da Policía Local sinala “*Que una vez revisada la documentación presentada por el Club Peña Trevinca de O Barco y en especial el rutómetro y la memoria de la prueba, se puede Informar: Que no existe inconveniente, ni ningún problema que se pueda constatar en lo relativo al tráfico rodado o al tránsito de peatones en casco urbano y que pueda afectar a los vecinos de esta localidad. En cuanto a las medidas de seguridad y servicios médicos, en los que esta Policía está encuadrada, se ven suficientes y correctos para la celebración de dicha prueba.*”

Logo do que antecede, de acordo ca competencia que me atribúe o artigo 21 da Lei 7/1985, de 2 de abril, RESOLVO:

1º Autorizar aos exclusivos efectos das competencias municipais, de acordo ca normativa reproducida máis arriba a realización da proba “17ª Andaina e Trail de Outono”, no termo municipal.

O Barco de Valdeorras, na data da firma electrónica
O alcalde-presidente
Alfredo L. García Rodríguez

Dou fe, na data da sinatura electrónica, o adxunto a Secretaría no exercicio da totalidade das funcións da Secretaría (artigo 3.2 e) e 15.3 do R.D. 128/2018, de 16 de marzo)
Jesús Tallón García

”

O Barco de Valdeorras, na data da sinatura electrónica,

O adxunto á Secretaría
(Art. 3.2.h) RD 128/2018)

Jesús Tallón García

CSV: 07E7000801D900U4F6G4V6O3G6



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E7000801D900U4F6G4V6O3G6 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA

JESÚS TALLÓN GARCÍA-Adxunto a Secretaría - 28/08/2023
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 28/08/2023 13:10:57
[RR.DD.-] REGISTRO DE DOCUMENTOS SALIDA 000000002 2023 8515 - 28/08/2023 13:11

SALIDA: 20238515

Fecha: 28/08/2023

Hora: 13:11

Und. reg:0000000002

